

grupo BNG, sr. Fernández Novoa) e 1 abstención do concelleiro sr. Carballo Álvarez, acorda:

Primeiro.-Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan parcial do parque empresarial de Vilamarín.

Segundo.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia* e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no BOP.

Terceiro.-En cumprimento do establecido no artigo 92.2º da Lei 30/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola 15/2004 e pola 2/2010, do 25 de marzo, comuníquese este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e déaselle, á vez, traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan debidamente dilixenciados polo secretario do concello.

Cuarto.-Que se notifique este acordo a Xestur Ourense.

O acto de aprobación definitiva da modificación do citado Plan parcial comunícase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con data do 4 de outubro de 2010, en cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, modificada pola 15/2004 e pola 2/2010.

Contra o acordo de aprobación definitiva, pódese interpor recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa competente, no prazo máximo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se practique a notificación ou, se é o caso, ao da última publicación do anuncio no BOP de Ourense ou no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998.

No obstante, pódese interpor calquera outro recurso que se considere procedente.

Vilamarín, 4 de outubro de 2010.

Amador Vázquez Vázquez
Alcalde

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio de licitación do procedemento aberto para a contratación da execución da obra de acondicionamento da estrada provincial Gastei (N-525)-Os Peares (N-120). Treito Gastei-Ponte da Barra, cofinanciada nun 70% pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

No perfil do contratante da Deputación Provincial de Ourense, publícanse íntegras as bases para a contratación, mediante procedemento aberto, da

execución da obra indicada, cun gasto máximo total autorizado de 2.829.500,67 euros (IVE e demais tributos incluídos), un prazo máximo de execución de 18 meses e unha clasificación exixible aos licitadores que desexen participar no expediente correspondente ao grupo G, subgrupo 6 e categoría e. As proposicións presentáranse no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, ata as 14.00 horas do décimo terceiro (13) día natural, contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio. A documentación necesaria para participar na licitación e demais datos figuran no prego de cláusulas administrativas particulares e no proxecto técnico, que quedan á disposición dos interesados no perfil do contratante www.depourense.es

Ourense, 4 de outubro de 2010.

José Luis Baltar Pumar
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

e) OUTROS ANUNCIOS

XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.

Anuncio do concurso de venda de parcelas na central de transportes de Ponte Caldelas.

O prego de bases polo que se fixan os criterios de venda e demais documentación, poderá ser examinado nas oficinas de *Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.* (Xestur-Pontevedra), sita na praza Maruja Mallo nº 1-1º de Vigo, das 10.00 ás 14.00 horas, de luns a venres ou ben na páxina web:

www.xesturpontevedra.com

O prazo de presentación de proposicións para participar no concurso é de trinta días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e a presentación poderase facer nas citadas oficinas de Xestur-Pontevedra, ata as 14.00 horas do derradeiro día do prazo ou o inmediato hábil seguinte, se o trixésimo día natural cae en sábado, domingo ou festivo. De conformidade co disposto no prego de bases, admitirase a presentación de proposicións por correo.

A apertura das proposicións realizarase ás 9.00 horas, na sala de xuntas de Xestur-Pontevedra, o cuarto día hábil seguinte (excepto sábados), contados a partir do último para a presentación das proposicións.

Vigo, 1 de outubro de 2010.

Javier Domínguez Lino
Xerente de *Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.*